

**RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE
CONTRATACIÓN E AUTORIZACIÓN DE GASTO**

Órgano que propón a contratación:
Presidencia do CIXUG

Expediente	CX-23-03
Cualificación do contrato	Subministracións
Procedemento de adxudicación	Aberto
Contrato suxeito a regulación harmonizada	Non
Financiado con Fondos Europeos	Non

ANTECEDENTES

Na reunión do Consello de Goberno celebrada o pasado 23 de decembro de 2022 aprobou por unanimidade, dentro do punto 9.2 da orde do día de devandito consello, diversos procesos de licitación a desenvolver durante o ano 2023, entre os que se atopaba o relativo ao expediente de contratación do servizo relativo á Subministración de Licenzas de Dereito de Uso do Software Antiplaxio.

CONSIDERACIÓNS

1. Resulta de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como as disposicións que a desenvolven. Son de aplicación con carácter supletorio as demais normas de dereito administrativo e, no seu caso, as normas de dereito privado.
2. Polos servizos xurídicos e técnicos foron elaborados os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
3. O gasto condiciónase á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios 2023, 2024 e 2025.
4. O órgano de contratación é o presidente do Consorcio CIXUG.

5. Consta a existencia do informe acerca da necesidade e idoneidade da contratación, así como sobre a insuficiencia de medios.

En virtude de todo o exposto, **RESOLVO**:

1. Aprobar o expediente de contratación do servizo, suxeito a regulación harmonizada, da plataforma Antiplagio, para a detección de coincidencias nos traballos, documentos e prácticas que se presenten nas Universidades que forman parte do Consorcio CIXUG, cuxo orzamento base de licitación ascende a 149.395,87 €, IVE incluído.
2. Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que rexerán a contratación.
3. Autorizar o gasto para a execución do contrato condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os exercicios 2023, 2024 e 2025.
4. Acordar a apertura do procedemento de contratación.

Santiago de Compostela, á data da firma electrónica.

D. Julio Abalde Alonso
Presidente